

**PROGRAMACIÓN
INICIACIÓN Á ACTIVIDADE
EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL
4º ESO**

Antonio Galán Triana
CURSO 2019.20 – CPI XANCEDA

ÍNDICE

| | |
|--|---------|
| 1. Introducción e contextualización. | páx. 2 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias claves. | páx. 4 |
| 3. Concreción dos obxectivos para cada curso (de ser o caso) | páx. 9 |
| 4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliabile de: | |
| a) Temporalización | |
| b) Grao mínimo de consecución para superar a materia | |
| c) Procedementos e instrumentos de avaliación | páx. 9 |
| 5. Concrecións metodolóxicas que require a materia. | páx. 12 |
| 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar. | páx. 14 |
| 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. | páx. 15 |
| 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. | páx. 21 |
| 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. | páx. 22 |
| 10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias. | páx. 22 |
| 11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. | páx. 23 |
| 12. Medidas de atención á diversidade. | páx. 23 |
| 13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que correspondan. | páx. 24 |
| 14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso. | páx. 24 |
| 15. Contribución da materia ó Plan Lector | páx. 25 |
| 16. Contribución da materia ao Plan TIC | páx. 25 |
| 17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. | páx. 26 |

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

O alumnado non ten coñecementos previos da materia, xa que non cursou esta materia con anterioridade. Polo tanto esta é unha materia nova para o alumnado, aínda que o desenvolvemento da mesma pretende ser eminentemente práctico, sinxelo e guiado continuamente polo profesor.

Análise dos resultados académicos do noso alumnado, en base aos resultados que tiveron en cursos anteriores (XADE, outros, ...), indicar o número de repetidores, ... (esto so podemos facelo en setembro, cando coñecemos os alumnos que cursan cada materia).

ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN.

A programación didáctica do Departamento do CPI de Xanceda pretende ser a referencia en torno á que se desenvolverá o proceso de ensino-aprendizaxe no noso centro. Esta pretende ser unha proposta aberta á posibilidade de modificacións que contribúan á mellora desta labor.

As Ciencias Sociais aportan aos alumn@s o coñecemento do pasado (evolución das sociedades, aparición do pensamento democrático, creación de esquemas solidarios...), a comprensión do mundo globalizado no que viven, a situarse espacial e mentalmente...

Esta programación busca que ese proceso de aprendizaxe sexa enriquecedor para o alumnado, tendo en conta as características propias deste (procedencia, dificultades, contexto sociocultural...).

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

- Situación: O noso centro está situado en Xanceda (Concello de Mesía).

- Ensinanzas que oferta o centro: Dende a Educación Infantil, pasando por todos os cursos de Ensinanza Primaria e os catro da E.S.O. (Educación Secundaria Obligatoria).
- Características singulares: É un C.P.I. (Centro Público Integrado), polo tanto conviven eses tres niveis de ensino; e aínda que están en dous edificios diferentes separados por un corredor, a coincidencia en actividades e na vida docente é bastante, por non falar dos momentos de comedor, entradas e saídas, patio e actividades extraescolares.

É un centro do interior de Galicia, pequeno, cuns 170 alumnos e do rural, propio dunha zona cunha alta produción agraria e sobre todo gandeira, situado na parroquia onde está o Concello, cun centro comarcal onde poden consultar internet e unha biblioteca, supermercado, un banco, igrexa e varios bares.

O Colexio está bastante ben dotado, con dúas Aulas de informática, unha delas para Secundaria, canón, pizarra dixital e ordenadores Abalar nas clases de 1º e 2º da ESO e ordenador, canón e pizarra dixital nas de 3º e 4º.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

- Lingua materna dominante: O galego.
- Este curso hai matriculados soamente 2 alumnos nesta materia, os cales son repetidores
- Destacar que non hai problemas sociais reseñables.
- Outras características: É un alumnado bastante infantil polo feito de que ao rematar a Educación Primaria non cambian de centro, continúan no edificio de ao lado e cos mesmos hábitos que mantiñan na etapa anterior.

OBXECTIVOS. ADAPTADOS AO CONTEXTO.

1. Respetar o medio ambiente e a contorna locais.
2. Saber valorar os recursos sociais, demográficos e económicos locais aprendendo a usar as ferramentas matemáticas e estatísticas.
3. Respetar o patrimonio, a lingua e a cultura locais.
4. Comprender a convivencia democrática a través do goberno local.

5. Conseguir aplicar as actitudes e valores de convivencia axeitados para o beneficio da comunidade respectando os dereitos humanos.
6. Saber comunicarse correctamente a través das novas tecnoloxías e os medios informáticos actuais.
7. Comprender a importancia e os valores que transmiten os medios de comunicación así como a visualización individual do alumnado a través deles.
8. Aprender a consolidar coñecementos previos a partir das novas aprendizaxes.
9. Coñecer e saber desenvolverse no medio físico local e aprender a relacionar feitos históricos e sociais da zona con outros de nivel rexional, estatal e global.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES

Nunha fase inicial, desenvolveremos os perfís das seguintes competencias: (Perfil de competencia: conxunto de Estándares de Aprendizaxe (EA) vinculados a unha competencia, é dicir, os EA que utilizaremos para desenvolver cada unha delas).

- a) Competencia en comunicación lingüística, clasificando este perfil en función das catro destrezas que a compoñen: expresión oral (EO), expresión escrita (EE), comprensión oral (CO) e comprensión escrita (CE).
- b) Competencia de aprender a aprender (AA).
- c) Competencia social e cidadá: concretamente a destreza do “traballo en grupo” (TG).

Elaboración de rúbricas necesarias para avaliar a expresión oral, expresión escrita, competencia de aprender a aprender e a destreza do traballo en grupo.

Estándares de aprendizaxe(EA) que configuran os diferentes perfís de competencia

Perfil de competencia en comunicación lingüística

Expresión Oral (EO)

IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.

IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.

IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.

IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.

IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.

IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.

Expresión Escrita (EE)

IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.

IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.

Comprensión Oral (CO)

IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

AEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.

Comprensión Escrita (CE)

IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

AEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.

Perfil de competencia de Aprender a Aprender (AA):

IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.

IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.

Perfil de competencia social e cidadá, destreza do Traballo en Grupo (TG):

IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.

IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.

IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.

IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.

IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.

IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado..

Ademais ao longo deste ano irase perfeccionando os estándares de aprendizaxe para as competencias claves restantes. Competencia matemática, Competencia dixital, Iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais.

RÚBRICAS

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial_Rúbrica 4ºESO_Compentencia comunicación lingüística_Expresión Oral (EO) – IAEE_R4_CCL_EO

| ASPECTOS | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---|--|---|--|---|
| Adecuación de contidos | Expón as ideas principais de xeito coherente. | Expón as ideas principais de xeito bastante coherente, aportando detalles relevantes do tema. | Expón parte das ideas principais. Comete erros na coherencia. | Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles. Falla dabondo na coherencia. |
| Vocabulario | Utiliza un vocabulario amplo e axeitado. | Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros. | Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos axeitados. | Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións de palabras inadecuadas. |
| Secuenciación | Boa estrutura e secuenciación da exposición. | Exposición bastante ordenada. | Algúns erros e repeticións na orde lóxica das ideas. | A exposición carece de orden, repite as mesmas ideas. |
| Aspectos prosódicos e linguaxe non verbal | Fala con voz claramente audible, con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal axeitada (xestos, mirada). | Fala con voz audible, non sempre con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada (xestos, mirada). | Fala con voz audible, mais con erros na pronuncia e na entoación. Mantén unha expresión corporal ás veces pouco axeitada (xestos, mirada). | Fala con moi pouca claridade. A expresión corporal resulta inadecuada. Prolonga dabondo os silencios. |

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial_Rúbrica 4ºESO_Compentencia comunicación linguística_Expresión Escrita – IAEE_R4_CCL_EE

| ASPECTOS | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---------------------------|---|--|--|---|
| Adecuación de contidos | Expón as ideas principais de xeito coherente. | Expón as ideas principais de xeito bastante coherente, aportando detalles relevantes do tema. | Expón parte das ideas principais. Comete erros na coherencia. | Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles. Falla dabondo na coherencia. |
| Vocabulario | Utiliza un vocabulario amplo e axeitado. | Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros. | Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos. | Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións de palabras inadecuadas. |
| Secuenciación | Boa estrutura e secuenciación da exposición. | Exposición bastante ordenada. | Algúns erros e repeticións na orde lóxica das ideas. | A exposición carece de orden, repite as mesmas ideas. |
| Ortografía e presentación | Non ten erros ortográficos nin de acentuación. Cumpre cos requisitos básicos de presentación: caligrafía/tipo letra, marxes, disposición do texto, fontes, etc. | Algún erro ortográfico e/ou de acentuación. Non cumpre algún dos requisitos básicos de presentación. | Varios erros ortográficos e/ou de acentuación. Non cumpre varios dos requisitos básicos de presentación. | Moitos erros ortográficos e/ou de acentuación. Apenas cumpre os requisitos básicos de presentación. |

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial_Rúbrica 4ºESO_Compentencia Aprender a Aprender – IAEE_R4_CAA

| ASPECTOS | 3 | 2 | 1 | 0 |
|---|--|--|--|--|
| Seleccionar a información | Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados. | Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero non a relaciona con outros apartados. | Discrimina información útil, pero non a traballa criticamente. | Copia literalmente a información sen traballar na súa selección. |
| Esquematizar e organizar | Dálle forma ao esquema, reconece os contidos básicos e organízao e xerarquízao de forma axeitada. | Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero omitindo algún dato. | Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato. | Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información. |
| Aplicar coñecementos previos | Aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos. | Frecuentemente aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos. | Ás veces aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos. | Apenas aplica coñecementos e destrezas adquiridos con anterioridade en diversos contextos. |
| Analiza adecuadamente o proceso de aprendizaxe propio | Expón correctamente o proceso de aprendizaxe indicando as fases e fontes de información. Avalia críticamente o traballo propio e a información obtida. | Expón o proceso pero faltan fontes ou a avaliación do proceso non é completo. | Non expón o proceso ou faltan todas as fontes. A avaliación e escasa ou imprecisa. | Carece de exposición do proceso ou é incorrecto. Carece de avaliación ou é incorrecta. |

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial_Rúbrica 4ºESO_Compentencia social e cidadá_Traballo en Grupo – IAEE_R4_CSC_TG

| ASPECTOS | 3 | 2 | 1 | 0 |
|-----------------------|---|--|--|--|
| Participación | Participa activamente nas tarefas do grupo e axuda a que os demais membros participen. escoita, comparte e apoia sempre o esforzo dos outros. | Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e axudar a que os demais membros participen; usualmente escoita, comparte e apoia o esforzo dos outros. | En ocasións participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo aínda que non é un bo membro do grupo; ás veces escoita, comparte e apoia o esforzo dos outros. | Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo nin axuda aos demais membros. Raramente escoita, comparte e apoia o esforzo dos outros. |
| Contribucións | Proporciona sempre ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase. É un líder que contribúe con moito esforzo. | Polo xeral proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase, amosándose como un membro forte do grupo. | Ás veces proporciona ideas útiles cando participa no grupo e na discusión na clase. | Rara vez proporciona ideas útiles cando participa no grupo e en ocasións dificulta as propostas dos outros |
| Respecto e tolerancia | Sempre amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar posibles conflitos. | Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os conflitos. | Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os conflitos. | Poucas veces amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar conflitos. |

| | | | | |
|-----------------|---|--|---|---|
| Manexo do tempo | Manexa ben o tempo durante todo o proxecto e sempre entrega mesmo con algo de antelación o seu traballo | Adoita manexar ben o tempo, aínda que puntualmente pode demorarse. O grupo non ten que modificar os prazos por el. | Tende a demorarse, pero acaba tendo feitas as cousas no límite. O grupo non ten que modificar os prazos por el. | Poucas veces remata a tempo o seu traballo, co que impide ou dificulta ao grupo entregalo na data límite e é preciso modificar os prazos. |
|-----------------|---|--|---|---|

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

Non é o caso. O propio currículo inclúe para cada EA do currículo o obxectivo de etapa co cal está relacionado.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

- a) Temporalización
- b) Grao mínimo de consecución para superar a materia
- c) Procedementos e instrumentos de avaliación

Neste caso elaboraremos unha táboa de catro columnas ordenadas por estándares de aprendizaxe. O seu funcionamento será o seguinte:

Columna 1: Estandar de Aprendizaxe ordenado segundo aparece no currículo.

Columna 2: Avaliación ou avaliacións nas que se vai traballar ese EA.

Columna 3: Grao mínimo de consecución de cada EA para superar a materia. Neste caso diferenciaremos os EA concretos e os transversais:

- a) EA concretos (C): indicárase expresamente o mínimo grao de consecución.
- b) Transversais: nos casos dos que contribúen á adquisición das destrezas de expresión oral (EC_R1B_CLL_EO), expresión escrita (EC_R1B_CLL_EE), competencia de aprender a aprender (EC_R1B_CAA) e a destreza do traballo en grupo (EC_R1B_CSC_TG), indicárase a rúbrica correspondente. No caso da comprensión oral (CO) e escrita (CE), indicárase o grao mínimo de consecución.

Columna 4: Instrumentos de avaliación.

| CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE | | | |
|---|--------------|--|---|
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | |
| Estándares de aprendizaxe | Avaliación/s | Grao mínimo de consecución | Instrumento/s de avaliación |
| IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | 1ª | C: Enumera diferentes calidades persoais e actitudes de persoas con iniciativa emprendedora e relacións coas súas propias. | Libreta e/ou apuntamentos. Observación. Participación. |
| IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | 1ª | IAEE_R4_CCL_EE IAEE_R4_CAA | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |
| IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | 2ª | IAEE_R4_CCL_EE IAEE_R4_CAA | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |
| IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | 2ª | C: Comprende conceptos básicos relacionados co dereito laboral. | Proba escrita. Actividade Aula Virtual. |
| IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | 2ª | CO: Diferenza dereitos de deberes dos suxeitos dun contrato de traballo. CE: Diferenza dereitos de deberes dos suxeitos dun contrato de traballo. | CO. Vídeo, audio ou lectura relacionada. CE. Texto de actualidade. |
| IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | 2ª | C: Comprende as prestacións á Seguridade Social e aplica as bases a casos concretos a través de exercicios propostos. | Libreta e/ou apuntamentos. Observación. |
| IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | 2ª | C: Analiza con espírito crítico as situacións de risco laborais e as súas consecuencias. | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |

| Bloque 2. Proxecto de empresa | | | |
|---|--------------|--|---|
| Estándares de aprendizaxe | Avaliación/s | Grao mínimo de consecución | Instrumento/s de avaliación |
| IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | 1ª | IAEE_R4_CCL_EO IAEE_R4_CSC_TG | Proba escrita |
| IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | 1ª | C. Comprende conceptos básicos que definen o contorno da empresa. | Proba escrita. |
| IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | 1ª | CO: Identifica as funcións de cada departamento da empresa. CE: Identifica as funcións de cada departamento da empresa. | CO. Vídeo, audio ou lectura relacionada. CE. Texto de actualidade. |
| IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | 1ª | IAEE_R4_CCL_EO IAEE_R4_CSC_TG | Proba escrita. |
| IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión | 1ª | C: Elabora documentos básicos de xestión dunha empresa. | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |

| | | | |
|--|----|----------------------------------|---|
| financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información da empresa proxectada. | | | |
| IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | 1ª | IAEE_R4_CCL_EO IAEE_R4_CSC_TG | Actividade proposta a tal efecto. |
| IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | 2ª | IAEE_R4_CCL_EO IAEE_R4_CSC_TG | Proba escrita |
| IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | 2ª | IAEE_R4_CCL_EO IAEE_R4_CSC_TG | Proba escrita |
| IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | 2ª | IAEE_R4_CCL_EE IAEE_R4_CAA | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |

| Bloque 3. Finanzas | | | |
|---|--------------|--|---|
| Estándares de aprendizaxe | Avaliación/s | Grao mínimo de consecución | Instrumento/s de avaliación |
| IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | 3ª | C: Relaciona adecadamente as necesidades de capital e responsabilidades de cada forma xurídica. | Proba escrita. |
| IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | 3ª | C: Realiza un esquema coas diferentes administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas. | Actividade proposta na Aula Virtual. |
| IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | 3ª | C: Localiza, con medios telemáticos, as diferentes administracións relacionadas coa fiscalización e control na creación de empresas. | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |
| IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | 3ª | C: Identifica a forma xurídica máis apropiada para a empresa creada, e xustifica a súa elección. | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |
| IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | 3ª | C: Selecciona as principais partidas para a posta en marcha da empresa. Comprende os conceptos básicos relacionados. | Proba escrita. Actividade proposta a través da Aula Virtual. Libreta e/ou apuntamentos. |

| | | | |
|---|----|--|---|
| IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | 3ª | C: Realiza un esquema coas diferentes fontes de financiación tanto a curto como a longo prazo, así como o seu custo. | Proba escrita. Libreta e/ou apuntamentos. |
| IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | 3ª | C: Desenvolve os exercicios propostos. | Libreta e/ou apuntamentos. |
| IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaídos para o proxecto de empresa. | 3ª | IAEE_R4_CCL_EE IAEE_R4_CAA | Actividade proposta a través da Aula Virtual. |
| IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | 3ª | CO: Sinala as obrigas dunha empresa proposta segundo a súa forma xurídica. CE: Sinala as obrigas dunha empresa proposta segundo a súa forma xurídica. | CO. Vídeo, audio ou lectura relacionada. CE. Texto de actualidade. |
| IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | 3ª | IAEE_R4_CCL_EO IAEE_R4_CSC_TG | Proba escrita. |

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

O Decreto 86/2015 establece no seu artigo 11 os “Principios metodolóxicos”, destacamos os puntos seguintes:

- 2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.*
- 5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.*
- 6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.*

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A metodoloxía didáctica terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

A metodoloxía que se utiliza neste curso debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria e básica para a adecuada aprendizaxe desta materia.

A metodoloxía debe garantir o desenvolvemento das habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público. O alumnado de 4º de ESO debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes.

Para os alumnos esta é unha materia que estudiarán por primeira vez, sen embargo, si teñen conceptos previos relativos a asignatura xa que a actividade e iniciativa empresarial están presentes na vida diaria da sociedade actual; por iso comenazarase o curso facendo unha avaliación inicial, para deste modo analizar os coñecementos previos do alumnado nesta materia, a partir de aquí, o desenvolvemento das distintas unidades farase de modo progresivo: e dicir, incorporando novos conceptos de forma

paulatina, buscando sempre a interrelación entre eles, e tamén a interrelación con outras materias deste curso e con temas de actualidade económica.

Deste modo búscase que o alumnado manexe e asimile con soltura todos os conceptos das distintas unidades.

Promoverase polo tanto unha aprendizaxe significativa e construtiva no alumnado, e non basear a asignatura nunha simple aprendizaxe memorística. Para isto o desenvolvemento das clases basearase na exposición do profesor pero sempre buscando a participación activa do alumnado: cada tema será tratado pola clase no seu conxunto, ademais o profesor fará preguntas para comprobar o grao de comprensión da materia, facilitará o debate e a participación activa do alumnado no desenvolvemento da clase.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR

Os recursos utilizados serán bibliografía sobre a materia e computador. O libro proposto para a materia é *Iniciativa Empresarial a la actividad Emprendedora* da Editorial Vicens Vives, 2016.

O profesor elaborará apuntamentos para facilitar a comprensión dos alumnos. Estes apuntamentos serán materia de exame así coma os contidos do libro.

Os exercicios prácticos axudarán ao alumno a comprender o que se explica en clase.

Os ordenadores ABALAR, a pizarra dixital e o proxector, serán, xunto co encerado e o taboleiro, elementos clave do noso traballo na aula.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Indicaranse os criterios de avaliación (por EA) e de cualificación por avaliación, e, finalmente os de promoción.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR ESTANDAR DE APRENDIZAXE | | |
|---|--------------|---|
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | |
| Estándares de aprendizaxe | Avaliación/s | Criterios de avaliación |
| IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu | 1ª | B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. |
| papel na xeración de traballo e benestar social. | | |
| IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | 1ª | |
| IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | 2ª | B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. |
| IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | 2ª | B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. |
| IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | 2ª | |
| IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as | 2ª | |
| prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | | |
| IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | 2ª | |
| Bloque 2. Proxecto de empresa | | |
| Estándares de aprendizaxe | Avaliación/s | Criterios de avaliación |
| IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | 1ª | B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. |
| IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contorno específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | 1ª | |
| IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou | 1ª | |

| | | |
|--|---------------------|---|
| comercial. | | |
| IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | 1ª | |
| IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | 1ª | B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. |
| IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | 1ª | |
| IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | 2ª | B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. |
| IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de | 2ª | |
| decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | | |
| IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | 2ª | |
| Bloque 3. Finanzas | | |
| Estándares de aprendizaxe | Avaliación/s | Criterios de avaliación |
| IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | 3ª | B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. |
| IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | 3ª | |
| IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | 3ª | |
| IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o | 3ª | |

| | | |
|---|----|---|
| número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | | |
| IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | 3ª | B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. |
| IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | 3ª | |
| IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | 3ª | B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. |
| IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | 3ª | |
| IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | 3ª | |
| IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | 3ª | |

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cualificación: Para cada avaliación elaborárase una táboa na que figurarán os rexistros para cada EA ou perfil de competencia no seu caso, os promedios correspondentes cada avaliación e un resumo da mesma coa ponderación establecida.

Serán obxecto de cualificación os seguintes conceptos:

EA Concretos: nesta caso a cualificación dividirase en tres apartados. Promedio das probas escritas (PE – dúas en cada avaliación), créditos obtidos polas tarefas propostas, traballo práctico na aula (TP - realización de exercicios, revisión de caderno ou apuntamentos, participación, respecto, etc.)

| AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | PORCENTAXES CUALIFICACIÓN FINAL Concretos: PE, Cdt, TP |
|---------------|---|--|
| 1ª Avaliación | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación (IAEEB: 1.1.1, 1.1.2). Bloque 2. Proxecto de empresa (IAEEB: 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.2.1, 2.2.2). | Concretos (100, mínimo 50): Probas escritas (Bloque 1 e 2): 50 Créditos: 10 Traballo práctico: 40 TOTAL MÍNIMO: 50 puntos. |
| 2ª Avaliación | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación (IAEEB: 1.2.1, 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3, 1.3.4). Bloque 2. Proxecto de empresa (IAEEB: 2.3.1, 2.3.2, 2.3.3). | Concretos (100, mínimo 50): Probas escritas (Bloque 1 e 2): 50 Créditos: 10 Traballo práctico: 40 TOTAL MÍNIMO: 50 puntos. |
| 3ª Avaliación | Bloque 3. Finanzas (IAEEB: 3.1.1, 3.1.2, 3.1.3, 3.1.4, 3.2.1, 3.2.2, 3.3.1, 3.3.2, 3.3.3, 3.3.4). | Concretos (100, mínimo 50): Probas escritas (Bloque 1 e 2): 50 Créditos: 10 Traballo práctico: 40 TOTAL MÍNIMO: 50 puntos. |

En cada avaliación o profesorado, departamento, seminario ou equipo docente, decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus alumnos ou alumnas.

Para a súa determinación pode apoiarse nunha táboa como a que segue:

**FERRAMENTAS
DE AVALIACIÓN**

**PORCENTAXE
NA CUALIFICACIÓN**

| | |
|--|--------------|
| Ferramentas de avaliación do traballo competencial | 30% |
| Probas de avaliación escritas | 50% |
| Evidencias dos estándares de aprendizaxe | 20% |
| Cualificación total | 100 % |

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL

| | |
|----------------------------|-------------|
| 1. ^a avaliación | 30% |
| 2. ^a avaliación | 30% |
| 3. ^a avaliación | 30% |
| Portfolio de aprendizaxe | 10% |
| Cualificación total | 100% |

Así mesmo, o centro determinará o peso de cada área e competencia de cara á promoción final do alumnado.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Criterios de promoción para a avaliación final ordinaria.

Á avaliación final irá o alumnado que suspendese algunha avaliación parcial dun trimestre. Examinarase desa avaliación negativa.

O alumnado que teña dúas avaliacións suspensas examinarase de toda a materia, por non ter case nada do total da área superado e estar moitas veces os contidos relacionados.

A proba serán cuestións da materia dada en cada unha das avaliacións semellantes ás realizadas nas probas parciais.

Pódense avaliar todos ou algúns dos estándares de aprendizaxe que suspendeu o alumno, e estes só serán avaliados dos que suspenderon, salvo no caso reseñado antes que tivesen dúas ou máis avaliacións suspensas onde poderán ser preguntados por calquera dos estándares de toda a materia.

A cualificación final virá dada só pola nota levada na proba da avaliación final aínda que poderán terse en conta en casos excepcionais cualificacións das probas parciais, así como

do traballo e actitude do alumnado durante o curso sempre que fose positivo e beneficie ao mesmo, nunca ou case nunca para empeorar a nota.

Avaliación final extraordinaria.

Vaise realizar unha proba de estrutura e modelo de cuestións semellante ás realizadas nos parciais e na avaliación final, normalmente cun número de preguntas de unhas 10, ou en todo caso, se teñen distinto número delas (máis, ou menos) que den un total de valoración case sempre de 10 puntos, sendo polo tanto valoradas a maior parte das veces cun punto cada unha delas.

A cualificación e os redondeos serán coma os aplicados para as avaliacións parciais e para a final, pero en todo caso, xa que se trata dunha Avaliación Extraordinaria e o alumnado vai con toda a materia, digamos por libre, terase menos en conta o traballo realizado durante o curso e máis unicamente a nota obtida na proba como tal, sen prexuízo de que nalgún caso puntual se poida valorar algo do curso sempre e só no caso de que poida ser favorable para o estudante.

O alumnado, nesta Avaliación Extraordinaria terá que examinarse de toda a materia, incluso da que por algunha circunstancia, non dera tempo de traballar ou avaliar durante o curso.

Tería que superar os mínimos xerais esixibles para aprobar a disciplina.

Avaliación de pendentes.

Non é posible ter esta materia como pendente porque, ou ben repite 4º de ESO ou promociona.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Nesta fase inicial elaborárase unha táboa na que figurarán tres columnas: Os EA, a temporalización prevista por avaliación e a temporalización real.

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR ESTANDARD DE APRENDIZAXE | | |
|--|--------------------------|----------------------|
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización prevista | Temporalización real |
| IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | 1ª | |
| IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | 1ª | |
| IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida | 2ª | |
| IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | 2ª | |
| IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | 2ª | |
| IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | 2ª | |
| IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención | 2ª | |

| legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | | |
|--|--------------------------|----------------------|
| Bloque 2. Proxecto de empresa | | |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización prevista | Temporalización real |
| IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | 1ª | |
| IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | 1ª | |
| IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | 1ª | |
| IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | 1ª | |
| IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | 1ª | |
| IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | 1ª | |
| IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | 2ª | |
| IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | 2ª | |

| | | |
|--|---------------------------------|-----------------------------|
| IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | 2ª | |
| Bloque 3. Finanzas | | |
| Estándares de aprendizaxe | Temporalización prevista | Temporalización real |
| IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | 3ª | |
| IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | 3ª | |
| IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | 3ª | |
| IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | 3ª | |
| IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | 3ª | |
| IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | 3ª | |
| IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | 3ª | |
| IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | 3ª | |
| IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | 3ª | |
| IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | 3ª | |

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non é o caso como indicamos anteriormente.

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Non é de aplicación nesta materia.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Concreción. En caso de facer algún tipo de proba escrita, pódese incorporar algunha como modelo.

Inicialmente proporemos a seguinte avaliación inicial

CONTESTA ÁS SEGUINTE CUESTIÓNS

1. Cales pensas que deben ser as principais calidades e destrezas que debe poseer un emprendedor?
2. Qué pensas facer o ano que ven? E os posteriores? Como te ves profesionalmente dentro de 10 anos?
3. Pensa indica a lo menos dous dereitos e deberes dun traballador? E dun empresario?
4. Indica cinco empresas do teu contorno. A que se dedica cada unha delas?
5. Que diferenza hai entre traballador por conta allea e por conta propia?
6. De onde sae o diñeiro que as empresas necesitan para a súa constitución?
7. Cal é a relación dos bancos coas empresas?
8. Indica o programa ou aplicación informática que utilizarías para o seguinte: carta, táboa de datos, presentación de infomación en público.
9. Que esperas desta materia?

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Debemos falar das medidas organizativas que imos ter na nosa aula.

No mesmo momento da impartición dos contidos, haberá unha atención á diversidade do alumnado. Ademáis, nos EA que poden ser máis complexos de asimilar por determinado alumnado, que adoitan estar relacionados coas partes prácticas, propóranse numerosos exercicios de dificultad variable en función das propias necesidades do mesmo, así como actividades de ampliación e reforzo.

Así mesmo, proporanse diferentes actividades ao longo do curso para o alumnado con dificultades para asimilar os graos mínimos dos EA, así como actividades de ampliación para aqueles que desexen profundizar nos mesmos. Todas estas actividades serán propostas a través da Aula Virtual da que o centro dispón e cada alumno/a terá una clave de acceso.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDAN

Ainda non foron aprobados a nivel de centro os elementos transversais a traballar polo que non se poden indicar nesta programación.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO

Estas actividades incluíranse na PXA (Programación Xeral Anual).

Durante este curso académico haberá varias xornadas reducidas que se celebraran en todo o Centro e son aproveitables tamén para as nosas áreas. Estas teñen as seguintes datas:

- O Magosto (antes do festivo do 1 de Novembro). Finais de Outubro.
- Nadal (o último día do primeiro trimestre antes das vacacións). Final da terceira semana de Decembro.
- Antroido (o día lectivo antes de comezar esta festividade).
- Final de Curso (o derradeiro día lectivo do presente curso académico) Final da terceira semana de Xuño.

Ao longo do curso organizaranse actividades extraescolares que aparecerán detalladas na memoria de final de curso.

- O Departamento está aberto a calquer tipo de actividade que vaia xurdindo ao longo do curso, en relación coa materia.

15. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR.

- Contribuiremos a este plan, moi activo dentro do centro, acudindo á biblioteca e realizando traballos individuais ou colectivos no seu espazo.
- Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación da Comunidade Autónoma de Galiza sinalan para as etapas do ensino obrigatorio, os centros educativos deberán incluír nos seus proxectos educativos proxectos lectores, que implicaran, entre outras cousas, a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Co fin de lograr estes obxectivos o Departamento recomenda as seguintes lecturas para a área de Ciencias Sociais:

- -Segundo ciclo da ESO, lecturas recomendadas:
- - Diario de Ana Frank (Ana Frank)
- - O lapis do carpinteiro (Manuel Rivas)
- - O neno do pixama de raias (John Boyne)
- - Maus (Art Spiegelman)
- - Persépole (Marjane Satrapi)
- -Textos relacionados coa materia.
- - Artigos xornalísticos relacionados co tema.

16. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC.

- Tentaremos realizar case a metade das sesións mediante técnicas e tecnoloxías que temos a man na clase, nas aulas de informática e na casa, polo que o ordenador e o proxecto ABALAR serán fundamentais.

Neste apartado, o alumnado traballará neste campo:

- Utilizando a aula de informática, para entrar en diferentes páxinas web, sempre relacionadas coa materia:
- Proxección de documentais e filmes relacionados coa materia.
- Exposición de presentacións dixitais na aula.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Despois dunha valoración dos resultados do alumnado, revisarase a programación de cara a una mellora da mesma.

A través da análise mensual dos contidos desenvolvidos e os requerimentos do alumnado na aula e a través da Aula Virtual, poderán e deberán producirse modificacións na programación, para así incidir nos problemas e carencias detectadas.

Estas modificacións ou propostas de mellora serán tidas en conta nas actas do departamento, por avaliación e na memoria final do curso.